

MEMORIA DA ACTIVIDADE: O SAMAÍN

Etapas/curso:
Bacharelato (Primeiro Curso)

Áreas/ Materias:

Lingua Galega- Profesores:	Dores Castro Villar David Paz Lafuente
Tecnoloxía-Profesor:	José Mendoza Morandeira
Biblioteca	

Curso 2018 – 2019
1.º Trimestre

ÍNDICE:

01.	Introdución	Páx. 02
02.	Obxectivos xerais do proxecto	Páx. 06
03.	Contidos	Páx. 07
04.	Deseño e elaboración da proposta	Páx. 07
05.	Documentación elaborada para profesorado e alumnado	Páx. 08
	Que sabemos do Samaín?	
	Que é a Santa Compañía?	
	Que temos na Literatura sobre a morte?	
	A morte na poesía galega	
	Vivencia e presenza da morte na tradición galega: conexións con outras culturas	
	E noutros lugares do mundo?, acontece algo semellante?	
	Como escorrentamos o medo?	
06.	Actividades	Páx. 11
07.	Avaliación	Páx. 14
08.	Función e participación da biblioteca	Páx. 15

01. Introducción

A través desta actividade pretendemos acercar ao noso alumnado A FESTA DO SAMAÍN intentando ofrecerlles a relación estreita que esta festa ten coa celebración anglosaxoa do *Halloween*. Leremos e dramatizaremos textos narrativos e poéticos tanto dos nosos autores coma da tradición oral popular tratando de conculcar na xuventude do noso centro o valor das **tradicións** afincadas no noso medio natural ao que o pobo galego estivo sempre moi ligado e aínda segue, e sobre todo o código que usamos para expresármonos, a lingua. Por outra parte, procuraremos tamén establecer **pontes** entre a tradición de noso e os costumes ancestrais vinculados á cultura universal, en que o tema da morte se filtra na idiosincrasia de numerosos pobos. Esas actividades arredor da morte, como dicíamos, realizábanse no noso medio natural pero, co progreso, a natureza vese alterada cun produto creado polo home, o primeiro material sintético, o plástico. Este, calquera que sexa a súa composición, propiedades, aplicacións e técnicas de fabricación está a ser un gravísimo problema para o noso medio natural e cómpre urxentemente a súa reciclaxe ou substitución mesma deste.

Etapas/cursos:

Bacharelato (Primeiro Curso)

Área/ materia:

Lingua galega e literatura, Tecnoloxía

Criterios e estándares de avaliación:

Tecnoloxía		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización, investigar acerca da súa influencia na	▪TI1B1.1.1. Diseña unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCL

sociedade e propor melloras desde o punto de vista tanto da súa utilidade como do seu posible impacto social.		
B3.2. Relacionar produtos tecnolóxicos actuais ou novos cos materiais que posibilitan a súa produción, asociando as súas características cos produtos fabricados, utilizando exemplos concretos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI1B3.2.1. Describe, apoiándose na información obtida en internet, materiais imprescindibles para a obtención de produtos tecnolóxicos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
B3.3. Describir as técnicas utilizadas nos procesos de fabricación tipo, identificando as máquinas e as ferramentas utilizadas e as condicións de seguridade propias de cada unha, apoiándose na información proporcionada na web dos fabricantes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI1B3.3.1. Explica as principais técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado. ▪ TI1B3.3.2. Identifica as máquinas e as ferramentas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CMCCT
Lingua galega e literatura		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	<p>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega.</p> <p>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego:infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>

	LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	
B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD
B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA
B5.2. Definir "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, historiar a súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.	LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.	CCL

Calendario de realización:

4 sesións de Lingua galega, 3 de Tecnoloxía e prepración e ensaios dunha representación teatral relacionada co Samaín.

Profesorado participante:

Profesorado de 1.º de bacharelato, de Lingua galega e literatura, mais de Tecnoloxía.

Profesorado de 4.º da ESO, de Lingua galega e literatura, como apoio ás exposicións e coa participación na obra teatral prevista.

A biblioteca do centro, para o apoio material, documental e organizativo.

2. Obxectivos xerais do proxecto

- Coñecer as características dos textos narrativos e poéticos.
- Espertar o interese no alumnado pola lectura e o recitado.
- escoitar con atención e interese e adaptar as respostas ao contexto.
- Saber a herdanza cultural como base para o seu futuro, relacionándoa cos saberes e os costumes doutros pobos.
- Apreciar e valorar a importancia da literatura galega como unha arte esencial dentro do acervo cultural universal e particular (Galicia)
- Ser consciente da repercusión dos usos lingüísticos nos demais.
- Ser capaz de buscar, seleccionar e avaliar a información.
- Saber as manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.
- Analizar as propiedades dos materiais (plásticos) utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos, recoñecendo a súa estrutura interna en relación coas propiedades que presentan e coas modificacións que se poidan producir.
- Relacionar produtos tecnolóxicos actuais ou novos cos materiais que posibilitan a súa produción, asociando as súas características cos produtos fabricados, utilizando exemplos concretos.
- Describir as técnicas utilizadas nos procesos de fabricación.
- Analizar o impacto ambiental e social que poden producir os procesos de obtención de materiais e os procesos de fabricación.

- Ser quen de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos.
- Relacionar produtos tecnolóxicos actuais ou novos cos materiais que posibilitan a súa produción, asociando as súas características cos produtos fabricados, utilizando exemplos concretos.
- Ter a necesidade e a curiosidade de aprender.
- Valorar a liberdade de expresión.
- Respetar os datos e a súa veracidade.

3. Contidos

- Samaín, festa de orixe celta
- Os textos narrativos e poéticos.
- Dramatización de contos, poemas, e presentación ante o público.
- A vivencia da morte como celebración pagá noutras culturas do mundo.
- Estrutura interna e propiedades dos materiais: Os Plásticos. Clasificación e tipoloxías.
- Identificación dos materiais plásticos utilizados en produtos tecnolóxicos actuais.
- Impacto ambiental e social da obtención de materiais plásticos e da fabricación de produtos tecnolóxicos.
- Técnicas de reutilización e reciclaxe dos plásticos.
- Planificación e desenvolvemento práctico dun proxecto de deseño e produción dun produto a partir da reciclaxe de materiais plásticos.
- Creación de contidos audiovisuais. Elaboración de guións, captura de son e de imaxes, edición e montaxe.

4. Deseño e elaboración da proposta

Sesións de Lingua e literatura galega:

1.^a sesión: Achegamento á celebración do Samaín. Dividimos a clase en catro grupos e en 10 minutos realizan unha chuvia de ideas arredor do que saben sobre o Samaín e, despois, cada un deses grupos anotará unha pregunta sobre o que lles gustaría saber sobre o Samaín. Na posta en común anotamos esas preguntas no taboleiro e os demais intentan contestala, a partir só dos seus “saberes” previos.

2.^a sesión: Lectura dos textos compilados na escolma achegada no punto 5 deste traballo. Incluirá unha sucinta análise do concepto da morte eb cada texto, alén da comprensión oral e escrita.

3.^a sesión: Realización das actividades recollidas na epígrafe 6.

4.^a sesión: Publicación no espazo do blog da biblioteca <https://arquivosdotrasno.blogspot.com/2017/10/proxecto-o-samain.html> as actividades e creacións realizadas.

Sesións de Tecnoloxía:

1.^a sesión: Recollida de obxectos de uso cotián fabricados con materiais plásticos, no centro educativo ou traídos dende a casa.

2.^a sesión: Clasificación dos tipos de plásticos recollidos (Termoplásticos, Termoestables e elastómeros).

3.^a sesión: Reciclaxe e reutilización dos materiais plásticos seleccionados para a fabricación do decorado e ambientación dunha obra de teatro relacionada co Samaín.

Preparación da representación teatral:

Ao mesmo tempo que traballamos nestas catro sesións co grupo de bacharelato, preparamos co grupo de 4.º ESO a breve representación teatral prevista ao final da tarefa. A obra está baseada no relato de Rafael Dieste: “Sobre a morte de Bieito”. Procuraremos que esta actividade se realice nas mesmas catro sesións do bacharelato, co fin de que a dita representación coincida no tempo co remate da parte puramente técnica do proxecto.

5. Documentación elaborada para profesorado e alumnado

Nesta sección ofrécese unha moi breve escolma de textos expositivos e narrativos que se poñen a disposición do profesorado para abordar a interrelación do Samaín coa literatura galega. Por razóns de espazo, ofrecemos tan só algúns fragmentos necesariamente sucintos e remitímonos a [este anexo <https://i.gal/proxecto-samain>](https://i.gal/proxecto-samain), en que achegamos un documento na nube no cal se recollen as versións íntegras dos ditos textos.

Que sabemos do Samaín?

Na noite do **31 de outubro** comezaba o aninovo celta, marcando a transición do verán ao inverno. Durante esta noite **os druídas** (a caste sacerdotal dos celtas) recollían as **bagas de acivro** cunha fouce de ouro. Acto seguido depositaban esas bagas nun caldeiro ou as tiraban a un manto branco que sostiña outro druída no chan. Despois, esas bagas tan especiais, terían indubidables poderes curativos para o poboado, e para as súas **elaboracións "máxicas"**.

Que é a Santa Compañía?

Propia de Asturias e, por suposto, Galicia, a lenda consta da aparición dunha fila de encarapuchados fantasmais cuxa función non é outra que a de visitar ou poñer en aviso unha futura defunción.

Coñecida tamén como **Estadea, Compañía a Santa Compañía**, a súa orixe está arraigada nas lendas europeas pertencentes á **Idade Media**. Nelas menciónase a aparición dun grupo de mortos ou almas perdidas ataviadas con roupaxes de explorador, a lombos de cabalos e acompañados por cans rastrexadores. Do mesmo xeito que a Procesión de Almas, o seu acto de presenza era sinónimo de traxedias, tal e como indicaron varios autores ao longo dos **séculos XI e XII** nos seus escritos.

Que temos na Literatura sobre a morte?

ÁNHEL FOLE

“Antón de Cidrán”

(do seu libro **Á lus do candil 1953**)

Aínda que lle pareza mentira, o señor de Sabarei falaba moitas veces comigo, man a man, coma se fora do meu igual.

Contoume isto en Lugo, nunha tasca de Mosqueira. Gustáballe moito andar polas tascas, por moi ben traxeadado que fose. Sempre viña a Lugo montado nun cabalo branco. [...]

RAFAEL DIESTE

“Sobre a morte do Bieito”

(https://www.youtube.com/watch?v=LTF17mgK_bI)

Dos arquivos do Trasnó.

Foi preto do camposanto cando eu sentín boligar dentro da caixa ó pobre Bieito. Sentino ou foi aprensión miña? Entón non podería aseguralo. Foi un rebulir tan maino!... Como a teimosa puvulla que rila, rila na noite, rila de entón no meu maxín afervoadado aquel mainiño rebulir.

Afonso D. R. CASTELAO

“Os vellos non deben de namorarse” Prólogo

Será dito por un outa-voz colocado na carantoña que sostén a figura 1.

Miñas donas e meus señores: Axiña ides ver unha farsa en tres lances, na que se demostra que os vellos non deben de namorarse; pero non pensedes que a miña obra é de tesis. Non é de tesis, non. Trátase a penas dunha síntesis artística ou, máis ben, artimaña escenográfica *onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes*: o boticario don Saturio, que non aturou a falcatruada de Lela e mátese con solimán da súa propia botica; o fidalgo don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no esterco; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela mórrese de felicidade.

ÁLVARO CUNQUEIRO

“As crónicas do sochantre”

[...] Naquel mesmo intre, coma si alguén con un imenso coitelo partira en dous a mazá do ceo, unha metade de cinza e outra de sol raiolán e xaneiriño, fíxose a luz na carroza e no campo. Xa corrían polo chan de Quelven, entre as centeeiras noviñas.

LEDICIA COSTAS

“Escarlatina e a cociñeira defunta”

Co lombo apoiado na miña almofada, escoitei moi atento o relato de Escarlatina. A cociñeira morrera no século XIX dunha enfermidade que se chama igual ca ela: a escarlatina. Viña dunha familia de chefs de moita sona e aprendera o oficio nas cociñas, xunto a súa nai, o seu pai e a súa avoa.

X. Alexandre Cribeiro, en *Acoitelado na espera*

Vou te-la derradeira morte
neste día

X. Alexandre Cribeiro, en *Doente na esperanza*

Eu comprendo que vivir é algo terrible

Lois Pereiro, en *Poesía última de amor e enfermidade*

Tristemente convivo coa túa ausencia
sobrevivo á distancia que nos nega

Manuel María, en *Morrendo a cada intre*

Deixádeme: éme igual
ser día, ser camiño ou gaita fina.

Vivencia e presenza da morte na tradición galega: conexións con outras culturas

Na escolma de textos referida tamén incluimos algunhas referencias para traballar o tema desde a perspectiva da interculturalidade. Nomeadamente, o caso catalán e o asturiano (como xa advertimos), son os máis próximos.

E noutros lugares do mundo?, acontece algo semellante?

Nunha perspectiva máis ampla, ofrecemos tamén as conexións interculturais con culturas máis distantes ás nosas xeograficamente, mais moito próximas vivencial e antropoloxicamente. Pódese

consultar esa referencia na escolma xa referida.

Como escorrentamos o medo?

Para finalizar, incluímos na selección comentada o tradicional conxuro da queimada, que supón a coda ao tratamento do tema desde o punto de vista da literatura popular e de autor/a na nosa tradición.

6. Actividades

Estas actividades desenvolverémolas ao longo da **terceira sesión**. Formulámolas para dúas modalidades: individuais e grupais. Tal e como prevemos no punto 7, o profesorado realizará unha avaliación final directamente a partir da entrega deste traballo por escrito. Así e todo, o alumnado avaliarase e coavaliarase no desempeño desta tarefa a través de grellas específicas.

Por outra banda, **a sesión desenvolverase integramente na biblioteca**, co fin de que o alumnado poida dispor de toda a documentación nunha contorna de traballo colaborativa (mesmo para as actividades individuais), para alén de asegurarmos o acceso á bibliografía sobre o tema e ás computadoras, de teren que facer algunha consulta nelas. Cada grupo traballaría nunha mesa de estudo.

1. Indica Verdadeiro ou Falso:

	Verdadeiro	Falso
Na noite do Samaín ábrese unha porta co Máis Alá		
As fogueiras acendíanse para apartar os malos espíritos		
Os milladoiros atópanse nas encrucilladas dos camiños		
O monxe chamado Jack é unha lenda inglesa		
En América baleiraban nabos no canto de cabazas		

2. Contesta:

- a.- Que teñen en común os relatos dos autores galegos, Ánxel Fole e Rafael Dieste?
- b.- Que cres que viu Antón de Cidrán e que consecuencias tivo para el?
- c.- A quen lle está contando, o protagonista do relato, o que aconteceu no enterro de Bieito? Pon exemplos tirados do texto. Que terías feito ti no caso de te encontrares nesta situación?
- d.- Que opinas sobre o costume dos casamentos amañados, a que se refire indirectamente Castelao no seu prólogo a “Os vellos...”? Cres que é ético que continúe vixente nalgunhas culturas? Opinas o

mesmo dos casamentos entre persoas dunha idade moi dispar? Xustifícao.

e.- A viaxe do sochantre na obra de Cunqueiro resulta do máis natural, alén de arrepiante. Compara o tratamento do “alén” como motivo literario entre a obra de Cunqueiro e o éxito infantoxuvenil de Leticia Costas, “Escarlatina e a cociñeira defunta”. Pensas que temos unha inclinación natural para acreditarmos en historias de superstición e vida despois da morte?

f.- Que visión da morte se plasma nos textos poéticos e que sensacións che produce?

3. Busca no conxuro da queimada palabras que se desvíen da norma escrita: castelanismos, hipergaleguismos, vulgarismos e arcaísmos.

4. Le estes ditos de persoas célebres, atentamente, e opina sobre eles:

“Nisto erramos: en ver a morte á nosa fronte, como un acontecemento futuro, encanto grande parte dela xa ficou para atrás. Cada hora do noso pasado pertence á morte.” Séneca

“Temán menos a morte e máis a vida insuficiente”. Bertolt Brecht

“Se vale a pena vivir e se a morte fai parte da vida, entón, morrer tamén vale a pena.”

Immanuel Kant

5. Por grupos, recitade os poemas seleccionados na escolma deste traballo e comentade as vosas interpretacións sobre eles.










6. Conservas algunha tradición familiar que estea vinculada coa celebración ou o dó pola morte dalgún ser querido? Recóllea nunhas poucas liñas e expona na clase.

7. Consideráste unha persoa crente? Acreditas nalgún feito ou experiencia sobrenatural que non sexas quen de explicar de maneira racional? Cal? A que cres que se debe o mantemento dos ritos propios do Samaín en Galicia?

8. Escribe un breve texto (entre 10 e 15 liñas) en que expliques os aspectos negativos e, de ser o caso, os positivos, que pode implicar o feito de que o Samaín se poida “re-coñecer” entre a mocidade debido á influencia da cultura norteamericana.

9. Fai unha recollida de diversos envases plásticos no teu entorno próximo (fogar, centro educativo, etc.) e lévaos á clase. Que produtos de uso cotián conteñen plásticos?

10. Fai unha clasificación dos envases plásticos recollidos en función da súa composición química.

Temoplásticos	Termoestables	Elastómeros
 Polietileno (LDPE)	 Baquelita (Fenoles)	 Caucho
 Polipropileno (PP)	 Resinas de Poliéster	 Neopreno
 Policloruro de vinilo (PVC)	 Aminas	 Siliconas

11. Despois de ler os textos “Sobre a Morte do Bieito” de Rafael Dieste e máis sobre a Santa Compañía, reutiliza e recicla os produtos plásticos recollidos para fabricar a ambientación da obra teatral que se representará ao final desta actividade de Samaín.

12. Unha vez teñas lido o conxuro da queimada, busca e descarga da rede diferentes sons relacionados co terror e o misterio. Valéndote dun programa de software libre, como o *Audacity*, para editar sons, crea varias pistas de son de terror que poidan acompañar ao recital do conxuro da queimada.

13. Autoavaliación:

Que aprendiches nesta actividade? Valóraa de 1 a 4 (1 nada, 4 moito)

Addenda ás actividades: Obra teatral

Tal e como recollemos no punto 4 (Deseño e elaboración da proposta), ademais da realización das tarefas máis propiamente relacionadas co proxecto, prevemos a realización dunha representación

teatral con alumnado pertencente a 4.º da ESO. A obra, baseada nun relato de Rafael Dieste: “Sobre a morte de Bieito” (<https://dosarquivosdotrasno.pressbooks.com/chapter/sobre-morte-bieito/>), constitúe unha das mostras máis senlleiras da relación entre literatura popular e literatura de autor da nosa literatura e aborda temáticas de interese para as nosas aulas, como a superstición, os efectos da presión social na psique humana ou a natureza irracional das emocións. A nivel técnico, a obra precisa ben poucos elementos para a súa representación, cuxo efectismo reside precisamente na austeridade da escenificación e na expresividade dos e das actantes; ademais, permite introducir varias roturas da “cuarta parede”, con referencias ao auditorio que exigen da “colaboración” activa dos e das persoas espectadoras.

No escenario, un/ha alumno/a fai que cavila mentres se oe unha “voz en off” (que é o seu pensamento) en alto. A persoa que fala está fóra do escenario. Nunha beira do escenario outras persoas representan a escena silenciosa: levando a caixa do morto, o mentado Bieito, e as dúbidas de se parar o enterro ou non dicir ren, pois disque sentiu boligar ao morto..., “mais... e se ao final vai morto?...”; e se non vai morto e cala? A forza da representación reside na capacidade para transmitir o remexer da conciencia humana e as dúbidas que provoca o poder da superstición sobre a razón.

7. Avaliación realizada

Ademais dunha autoavaliación final, tras o alumnado realizar as actividades propostas, prevemos empregar grellas específicas para avaliar estas tarefas, nomeadamente de autoavaliación e avaliación grupal:

Autoavaliación

Nome:	Grupo:	1	2	3	4	Explica a túa contribución
Nome do grupo						
Participei activamente na resolución das tarefas.						
Analicei as miñas ideas previas e realicei propostas a partir delas.						
Procurei información relevante coa axuda de Internet ou outros formatos.						
Compartín os meus coñecementos co resto da clase e intereseime polas ideas alleas.						

Expresi as miñas opinións con educación e respectando as quendas de palabra.										
Nota final que honestamente merezo	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

Avaliación do traballo en grupo

Nome do grupo (empresa):		Eu:				Compañeiro/a 1:				Compañeiro/a 2:				Compañeiro/a 3:			
(En cada columna escribe o nome dos membros do grupo)		1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
1	Traballo de equipo e colaboración																
2	Calidade e número de contribucións																
3	Toma de decisións																
4	Traballo individual																
5	Respecto ante as contribucións e opinións do resto																
6	Outros aspectos (*Indica que aspecto queres destacar)																

8. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso

A biblioteca apoiou esta proposta dos Departamentos de Lingua Galega e Tecnoloxía do seguinte xeito:

-Aloxando no blog da biblioteca arquivosdotrasno.blogspot.com dos materiais de consulta para a actividade: <https://arquivosdotrasno.blogspot.com/2017/10/proxecto-o-samain.html>

-Expoñendo os materiais de consulta sobre o Samaín no espazo de exposición da biblioteca, e prestándoos para a preparación das actividades;

-Reservando as horas de biblioteca necesarias para as actividades de búsqueda de información e elaboración de materiais plantexadas polos departamentos.